

# As Bonecas Viaxeiras



UXÍA



IRIA



LOIS

Despois do Nadal chegaron á nosa aula tres bonecas de diferentes países que non sabían falar nin papa de galego, xa que **Uxía** era chinesa; **Iria**, tanzana e **Lois**, ruso.

Así que despois de pasar un tempo na nosa clase, no que nós aprendemos cousas dos seus países de orixe, empezaron a viaxar e a pasar as fins de semana nas casas das nenas e nenos da aula da profe Rosa.

Levaban consigo o seu pasaporte, algo de roupa, un xoguete, libros de contos e un obxecto característico do seu país de orixe (colares de madeira na mochila de **Iria**, pauciños chineses na de **Uxía** e un xogo de Matrioskas na de **Lois**). Tamén levaban un dicionario por se algunha familia precisaba algo de axuda e un lapis de memoria na que se podían incluír fotos da súa estadía nas casas dos pequenos e pequenas.

A cambio, pedían que lles ensinásemos a falar en galego e que recollésemos algo do que aprenderan na libreta que levaban na mochila. A participación das familias foi espectacular. **Moitísimas grazas a todas!**



# LOIS

é un boneco viaxeiro que vén de RUSIA.

Chega á vosa casa para compartir con vós uns días. Leva consigo algo de roupa, un libro e un obxecto característico do seu país de orixe para que coñezades algo máis del. A cambio, pídevos que lle axudedes a falar en galego e que recollades algo do que lle aprendestes na libreta que leva na mochila.

Leva tamén un dicionario por se precisades algo de axuda e un lápis de memoria no que podedes incluír fotos da súa estadía na vosa casa. O voso fillo ou filla encargarse de contarnos o que fixestes xuntos grazas ás fotos.

O boneco, xunto con toda a súa equipaxe chega o venres á vosa casa e ten que estar de volta o vindeiro **MÉRCORES**, para que nos dea tempo a nós a ver que é o que fixestes xuntos antes de comezar unha nova visita.

Un saúdo.

# DATAS DAS VISITAS

	IRIA 	UXÍA 	LOIS 
14/02	Asier	Hugo	Alejandro
21/02	Diego	Ainara	Dani
07/03	Fusía	Icía	Ezequiel
14/03	Alejandro	Dani	Hugo
21/03	Ainara	Fusía	Icía
28/03	Ezequiel	Diego	Asier
04/04	Dani	Ezequiel	Fusía
25/04	Icía	Asier	Ainara
09/05	Hugo	Alejandro	Ezequiel

Neste lapis de memoria podes enviar fotos da estadia de LOIS na vosa casa para que as vexamos na aula.  
Nese caso, debe voltar o mércores co resto da equipaxe.

Se precisas imprimir algunha foto, podes facer chegar o lapis de memoria antes do mércores e as imprimimos no cole. Logo, o voso fillo ou filla levará de volta o lapis e as fotos impresas para que continuedes coa actividade na casa

**GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN**